



Dende a Banda Municipal de Música de Santiago de Compostela, co soporte institucional da Concellería de Acción Cultural do Concello de Santiago de Compostela, convoca o ***I Concurso de Composición da BMSC***.

BASES DO CONCURSO

1-PARTICIPACIÓN

A participación no concurso está aberta a compositores/as sen restricción ningunha de idade nin nacionalidade. Cada autor pode presentar ilimitadamente todas as obras que desexe.

2-MÚSICA DE NOVA CREACIÓN

As obras deberán ser orixinais, inéditas e non estreadas. Serán excluídas aquelas obras que fosen premiadas noutro concurso, estreadas, ou escritas por encargo previamente á resolución final do concurso.

3-EXCLUSIVIDADE DE ESTREA

As obras premiadas serán interpretadas por primeira vez na estrea oficial programada pola Banda Municipal de Santiago de Compostela no concerto do día 6 de novembro de 2022. Se algunha das obras premiadas fose estreada antes da data programada pola BMSC, esta será inmediatamente descalificada.

4-FORMATO COMPOSICIÓN

- a) A **duración** de cada obra deberá estar comprendida **entre 10 e 20 minutos**. Se por razóns artísticas a composición ten unha duración menor de 10 minutos ou maior de 20 minutos, a obra será tamén valorada, pero con penalizacións de puntuación proporcionais ó desfase de minutaxe.
- b) Os **parámetros compositivos** da obra (estilo, linguaxe, forma, etc.,) son **absolutamente libres**, aínda que o xurado valorará especialmente a coherencia dos distintos parámetros musicais e da técnica de composición, así como a orixinalidade ou creatividade na expresión e na linguaxe.

- c) A temática da obra é libre, aínda que **se valorará especialmente** a conexión que se poida establecer con **Santiago de Compostela** (inspiración, contexto, etc.) ou coa influencia da **música galega**.
- d) A **instrumentación** debe de corresponderse exactamente co cadro organolóxico dos 36 instrumentistas da BMSC, tal e como se detalla a continuación (algún instrumentista ten posibilidade de utilizar os diferentes instrumentos auxiliares que se indican):

- 1 Frauta
- 1 Frauta ou Fautín
- 1 Óboe ou Corno Inglés
- 1 Fagote
- 1 Requinto/Clarinete
- 9 Clarinetes
- 1 Clarinete Baixo
- 1 Saxo Alto ou Soprano
- 1 Saxo Alto
- 1 Saxo Tenor
- 1 Saxo Barítono
- 3 Trompas
- 2 Trompetas ou Cornetas
- 1 Trompeta ou Corneta ou Fliscorno
- 2 Trombóns Tenores
- 1 Trombón Baixo
- 2 Bombardinos
- 2 Tubas
- 4 Percusionistas

5-ENTREGA

- a) Nas composicións debe figurar o título da obra, sen ningunha referencia ó nome ou pseudónimo do autor, nin ningún elemento polo que poida ser identificada a súa autoría.
- b) As obras serán entregadas en 2 formatos:
- 1-Partitura completa en formato PDF (sen particellas)
 - 2-Arquivo de audio (MIDI, Mp3 ou calquera outro formato de audio)
- c) Paralelamente debe formalizarse a solicitude de participación entregando:

- 1) ANEXO I onde figuran todos os datos persoais de identificación. A BMSC comprométese ó correcto tratamento dos datos en relación á Lei Orgánica 3/2018, de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos Dixitais.
 - 2) ANEXO II onde figura a declaración de cumprimento e aceptación das bases.
 - 3) Reseña biográfica ou CV do autor (*formato PDF*)
 - 4) copia dixital do DNI (*formato PDF ou imaxe*).
- d) As partes ou *particellas* serán solicitadas en formato PDF ós autores das 3 obras que resulten ser finalistas na publicación do día 25 de outubro de 2022, e deberán ser entregadas no prazo máximo de 3 días (do 25 de outubro ó 27 de outubro)
- e) O **prazo de recepción** das obras rematará o día **9 de outubro** de 2022 ás 23:59h.
- f) As entregas serán enviadas en formato dixital ó enderezo: bmsc@santiagodecompostela.gal (preferiblemente mediante un enlace de WeTransfer, Google Drive ou similar para evitar dificultades por exceso de peso).

6-PREMIOS

- a) Establécense os seguintes premios do I Concurso de Composición da BMSC coas respectivas dotacións económicas, subvencionadas polo Concello de Santiago de Compostela:
- 1º PREMIO: 3.000€
 - 2º PREMIO: 2.000€
 - 3º PREMIO: 1.000€
- b) O xurado, aínda sen designar, será constituído por unha representación da BMSC e por personalidades de recoñecido prestixio.
- c) O xurado elixirá as 3 obras finalistas de entre todas as presentadas, e as súas decisións serán inapelables e non admitirán recurso. As 3 obras finalistas seleccionadas daránse a coñecer a partir do día 25 de outubro de 2022.
- d) As 3 obras finalistas serán ensaiadas os días 2,3 e 4 de novembro de 2022 pola BMSC, e os músicos profesores da BMSC participarán na votación final destas 3 obras finalistas.
- e) O veredicto final de clasificación dos 3 premios, establécese mediante o seguinte baremo:
- I) 50% a puntuación outorgada previamente polos membros do xurado na selección das 3 obras finalistas.
 - II) 50% a puntuación resultante da votación dos músicos/as da BMSC que efectuarán o venres 4 de novembro de 2022 despois de realizar o último ensaio das obras.

- f) As 3 obras finalistas serán estreadas no concerto da BMSC o domingo 6 de novembro de 2022, ás 12:00h no Teatro Principal de Santiago de Compostela, onde se dará a coñecer o veredicto final dos premios coas correspondentes actas de puntuación.

7-CONDICIÓN

- a) As obras premiadas terán a obriga de ser mencionadas en todos os concertos onde se interpreten, edicións impresas, gravacións, edicións radiofónicas ou televisivas co seguinte texto:

“Primeiro/Segundo/Terceiro Premio I Concurso de Composición da BMSC”

- b) As obras premiadas formarán parte do arquivo da BMSC e poderán ser interpretadas pola BMSC sempre que sexa requirido.
- c) A maiores, estudarase a posibilidade de poder realizar unha gravación discográfica coas obras premiadas.

8-DIPOSICIÓN FINAL

- a) O concurso poderá ser declarado deserto nalgún ou en todos os premios se o xurado o considera oportuno en base á calidade artística das obras presentadas.
- b) A participación no I Concurso de Composición da BMSC supón a total aceptación das bases establecidas.

ANEXO I: Formulario de inscrición no I Concurso de Composición da BMSC

Nome e apelidos	
Data de nacemento	
Enderezo postal de residencia	
Enderezo electrónico	
Contacto telefónico	
Título da obra presentada	

ANEXO II: Declaración xurada

Declaro:

- Que despois de ler as bases da convocatoria, acepto todos os requirimentos e procedementos anteriormente descritos nos artigos correspondentes para o desenvolvemento do I Concurso de Composición da BMSC.
- Que son o autor/a da obra que presento ó I Concurso de Composición da BMSC.
- Que a obra presentada é inédita e non foi divulgada nin interpretada en ningunha ocasión.
- Que a obra presentada non é copia nin modificación doutra obra estreada, nin foi escrita por motivos de encargo.

Sinatura e data:

--